



COMUNICACIÓN PARA A ACTIVIDADE DE AXENTE DE RESIDUOS NON PERIGOSOS

OBXECTO

Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia ás entidades ou empresas que vaian a proceder á realización dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de actividades de axente de residuos non perigosos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

O Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda correspondente á provincia onde se sitúe a sede social da empresa.

Aquelas entidades con sede social fora de Galicia deberán solicitar a inscrición no Rexistro da comunidade autónoma onde teñan a súa sede social, de conformidade co sinalado no artigo 29 da Lei 22/2011. Esta inscrición habilitalles para traballar en todo o territorio estatal, sen que proceda a inscrición no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de comunicación (**anexo I**).
- Datos de identificación da actividade e cantidade estimada de residuos que se ten previsto xestionar anualmente, coa súa identificación segundo o anexo 1 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro (**anexo II-NA**).
- Numero de identificación fiscal (NIF) da empresa ou, se é o caso, do solicitante (só no caso de non autorizar a consulta).
- Xustificante do pago da **taxa** administrativa.

FORMULARIOS

- MT986D

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS COMUNICACIÓNS

Aberto todo o ano.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.



TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.xunta.gal/taxas-administrativas>

Código: 32.52.04

Concepto: Inscripción como axente de residuos

INFORMACIÓN DA INSCRICIÓN

A comunicación terá efectos dende o momento en que se presenta, non obstante, a administración ten que comprobar o cumprimento dos requisitos por parte do solicitante, de modo que no caso de que o solicitante non os cumpra, comunicaráselle que non procede a inscrición en tanto non emende as deficiencias detectadas.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, emitírase un escrito na que se comunique ao interesado o número da súa inscrición.

A comprobación realizarase desde a Xefatura Territorial do Departamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda correspondente á provincia onde se sitúa a sede social da empresa.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contempladas na regulamentación específica.

Última modificación: abril 2021